

---

**Xoán Carlos Lagares (2000), *E por esto fez este cantar. Sobre as rubricas explicativas nos cancioneiros profanos galego-portugueses*, Edicións Laiovento, Santiago de Compostela**

---

Desde que no ano 1878 Theóphilo Braga editou en Portugal o *Cancioneiro da Vaticana*, coincidindo no noso país coa época do Rexurdimento, a literatura medieval galego-portuguesa leva sido obxecto de estudo e de reflexión por un número de investigadores certamente notorio. Entre eles áchanse tanto os seus “herdeiros naturais”, os nados en Galiza e en Portugal (lémbrense os traballos e as edicións de Andrés Martínez Salazar, Ramón Lorenzo, Carlos Paulo Martínez Pereiro, o propio Theóphilo Braga, Mercedes Brea, José Joaquim Nunes, Xosé Luís Pensado, Manuel Ferreiro, José António Souto Cabo, Manuel Rodrigues Lapa, Elza Paxeco e José Pedro Machado, etc.), como tamén, permitíndosenos máis unha vez o coloquialismo, os seus “herdeiros adoptivos” doutros países, igualmente interesados e fascinados polos nosos textos do Medievo (recordemos os contributos de Silvio Pagani, Walter Mettman, Giuseppe Tavani, Carolina Michaëlis de Vasconcellos, Ramón Martínez-López, Luciana Stegagno Picchio, Saverio Panunzio, Manuel Álvar, etc.). Todos e cada un destes estudiosos puxeron de relevo, dun lado, o riquísimo patrimonio lingüístico, literario e cultural que caracteriza os textos medievais galego-portugueses, ao paso que, doutro, fixeron notar a mestría dos autores da Idade Media como produtores dunha das literaturas máis importantes da Europa occidental sen parangón na Península Ibérica da altura.

Mais, xunto á atención que esas obras teñen suscitado, é certo que outras tipoloxías de textos que poderíamos considerar, do punto de vista artístico, laterais ou secundarios, pouco interese despertaron entre os estudiosos e especialistas. Precisamente uns deses textos, as *rubricas*, e concretamente as *rubricas explicativas*, pequenos fragmentos en prosa que referen algún tipo de información sobre unha cantiga, non contaban cun traballo específico que as estudase en profundidade. A obra de Lagares, pois, aborda esas composicións pondoas en relación co autor, co (con)texto, co tema que trata a cantiga, mais tendo moi claro que, para alén da información que as rubricas puideren proporcionar, estas xiran arredor dos versos e deles é que cómpre sempre partir. Así o asinala o autor na “Nota Previa”: “Non debe buscarse a raíz desta escolla [o tema da súa monografía] nunha equívoca pretensión de percorrermos as marxes do fenómeno trovadoresco ignorando precisamente o máis importante, a súa produción artística, senón, contrariamente, na vontade de abordarmos estes magníficos textos poéticos desde unha perspectiva ampla e abrangente, tentando achar elementos que permitan comprendermos as antigas

no seu contorno histórico e cultural, a súa relación coa expresión escrita, os meios materiais que lles permitiron chegar até hoxe e o modo en que manteñen, através dos séculos, a súa capacidade de diálogo con novos lectores” (páx. 9).

O libro consta de dúas partes ben diferenciadas mais non por iso sen deixaren de ser íntima e necesariamente complementares: unha primeira, intitulada “Estudo” (páxs. 15-97), e unha outra que o autor denomina “As rubricas explicativas (Edición crítica, reprodución facsimilar e glosario)” (páxs. 99-258). Ao final tamén figura un útil “Índice de primeiros versos de cantigas con rubrica explicativa” (páxs. 269-271) e un non menos útil “Índice de autores de cantigas con rubrica explicativa” (páxs. 272-273). Do punto de vista formal, pois, o traballo é harmónico canto á súa estruturación e no que se refere ás partes que o integran, pois permite contarmos cun aparato teórico, un labor de actuación editorial e unhas tabelas de cantigas e de autores que facilitan sabermos en cais composicións e en que autores podemos achar os textos que centran a atención do investigador e, tamén, das persoas eventualmente interesadas no tema.

Por súa vez, o “Estudo” aparece dividido nunha serie de capítulos numerados en correlación que pasamos inmediatamente a referir. O primeiro deles é unha “Introdución” á cultura do manuscrito e nomeadamente ás especificidades que presenta o caso galego (páxs. 17-28); como afirma o autor ao comezo, “na produción trovadoresca o uso da expresión escrita cumpre dúas funcións primordiais: en primeiro lugar, está na base da propia composición das cantigas, pois achámonos diante dunha poesía de carácter culto dotada dun alto grao de elaboración formal; e por outra parte, a escrita constitúe o único meio de conservación dese legado cultural” (páx. 17). O segundo é intitulado “Definición e descrición das rubricas explicativas” (pax. 29-37). O seguinte é un apartado específico destinado a tratar “A situación das rubricas explicativas nos apógrafos quiñentistas” (páxs. 38-47). O cuarto capítulo intitúlase “Cronoloxía dos autores con rubrica explicativa” (páxs. 48-50). A quinta das partes do “Estudo” conságrase a estudar a “Relación de contido entre rubricas e cantigas” (páxs. 51-83). O sexto aborda “As rubricas explicativas das cantigas de amigo, das cantigas de amor, dos lais e e das tenzóns” (páxs. 84-86). Séguelle un sétimo capítulo correspondente a outras tipoloxías de cantigas que o autor denomina “As rubricas explicativas das cantigas de escarnio e maldicer” (páxs. 87-92). O estudo finda cunha síntese de todo o traballo investigador, tamén numerado correlativamente, sob o título “Conclusións” (páxs. 93-97).

A segunda das dúas partes en que se divide a obra de Lagares, algo máis extensa que a anterior, consta, en primeiro lugar, dunha edición das rubricas do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* (páxs. 105-118) e dunha outra correspondente ás rubricas do *Cancioneiro da Vaticana* (páxs. 119-178), que, xuntamente coas anteriores, deitan a cifra nada depreciable de setenta e catro rubricas. A seguir, entre ás páxs. 179-227, figura a reprodución facsimilada deses setenta e catro textos,

para, nas páxs. 228-258, findar o traballo co “Glosario” das formas lingüísticas que se documentan neles.

A relación, portanto, deses núcleos temáticos, relación que nós non desenvolvemos na súa totalidade por non cansarmos desnecesariamente o público lector, dá idea do rigor e da sistematicidade con que Lagares abordou as rubricas explicativas dos nosos cancioneros medievais. De todos eses eixos, un dos que máis nos chamaron a atención é a “Definición e descrición das rubricas explicativas”, en que, para alén doutras informacions, se nos proporcionan dados como que as rubricas, polo seu carácter contextualizador, posúen todas elas unha sorte de deícticos, maioritariamente representados através dos demostrativos simples (“*Esta cantiga...*”) ou compostos (“*Estoutra cantiga...*”). A documentación medieval destes elementos gramaticais, en especial dos segundos, é deveras relevante, pois mediante eses testemuños temos constancia de que se inicia nesa altura un sistema de pronomes compostos en relación aos simples, en que o trazo diferenciador é o carácter de contraposición que presentan as unidades *estoutro*, *esoutro* e *aqueloutro*. Dado que as rubricas son textos posteriores ás cantigas, e como nestas o número de demostrativos compostos é ben escaso, non se torna difícil de acreditar en que tais formas pronominais son relativamente tardías en relación aos seus compañeiros simples de paradigma e que comezan a abrollar na lingua nos fins do período medieval para se logo iren consolidando nos séculos posteriores. Hai que notar que non foron os únicos elementos pronominais deícticos que apareceron na época medieval, pois o caso do actual *mesmo* singulariza unha outra entidade pronominal inexistente no latín e que se felizmente acomodou ao romance.

Outrosí, nesas rubricas non se documentan nengúns casos de demostrativos reforzados tipo *aqueste* ou *aquesse*, o que, máis nunha ocasión, vén servir de importante proba no sentido de que estas formas sufreron un progresivo esmorecemento desde a época medieval até os nosos días, en que somente subsisten nalgunhas rexións lingüisticamente conservadoras de Portugal e no galego falado na berciana comarca de Carracedo. O óbito de *aqueste* e *aquesse*, pois, semella ser inversamente proporcional ao aparecemento de *estoutro*, *esoutro* e *aqueloutro*, que contiñan a se empregar hodiernamente na Galiza e no país irmán, aínda que neste cun carácter dialectal ou popular.

Do mesmo modo, non teñen un interese menor as páxinas que Lagares dedica á “Cronoloxía dos autores con rubrica explicativa”, pois isto permite que o filólogo ou a persoa interesada sitúe cronoloxicamente algúns poetas e, subsecuentemente, os trazos estéticos ou mesmo lingüísticos que os puideren caracterizar. Igualmente, a “Relación de contido entre rubricas e cantigas” constitúe, ao noso ver, unha das partes máis notábeis do traballo, que, nas palabras de Lagares, recebeu tradicionalmente “un tratamento desigual por parte dos editores e comentaristas da poesía” dese período (páx. 51). Neste capítulo, a depender do tipo de información que ache-

gan, o autor clasifica as primeiras en rubricas chave (as que teñen a ver cos procedimentos retóricos con que se articula a cantiga), rubricas contextualizadoras (aquelas que proporcionan datos contextuais a respecto dos acontecementos que están na base da cantiga) e finalmente as que son denominadas rubricas título (as que se limitan a resumir os acontecementos do poema a serviren de título). Para alén da súa tipoloxización, contextualízanse tanto os trobadores e as súas composicións con outros poetas e outros textos líricos, como tamén se pon en relación as diferentes clases de rubricas coas cantigas.

No que se refere ao labor editorial, é merecente dunhas palabras o coidado que Lagares puxo neste mester. Se calquer edición é en si propia unha tarefa difícil, aínda se tratando de textos modernos, moito máis complicado se torna aquela se se ten como obxecto as obras e composicións medievais, pois a maior distancia cronolóxica maiores son tamén os problemas de interpretación ecdótica. A este respecto, resultan acaídas as palabras de Ferreira (1992: 248), quen, a falar dos problemas da transmisión manuscrita que se manifestan tamén na actualidade, afirma que certos erros de interpretación encontrados nos manuscritos “são os mesmos que os editores modernos de textos medievais cometem por falta de conhecimentos de carácter lingüístico ou paleográfico”. No entanto, perante esas dificultades, hai que ponderar o rigor con que aparecen editados os textos que estuda Lagares, xa que as rubricas figuran acompañadas en todo o momento das indicacións correspondentes ás edicións precedentes e das variantes que presentan, así como tamén dun sistema de chamadas a rodapé que proporciona información lingüística, editorial ou doutro tipo que o autor xulga relevante para unha comprensión axeitada desa modalidade de composicións medievais.

Exemplo dese coidado no labor editorial é o facto de o autor, en ocasións, ofrecer a lectura que se realmente encontra nos orixinais manuscritos e recuperar, discordando con outras edicións, as características lingüístico-formais con que o escritor medieval compuxo o texto. Tal é o que acontece, poñamos por caso, coa rubrica 52 (B 1356 / V 964), en que Lagares grafa *Estoutro cantar* (páx. 156) conforme se documenta nos códices, ao paso que anteriores actuacións editoriais, cal as de Braga (1878) ou Paxeco / Machado (1949-1964), se tiñan decantado por representaren *Este outro cantar*. Sexa como for, o atinado que resultan ser as súas decisións sobre o restauro do que realmente figura escrito nos orixinais é doado de se comprobar se o público lector fixer un confronto coa reprodución facsimilada de que antes falábamos e que figura nesta segunda parte do traballo, pois delas parte o autor para nos ofrecer a súa lectura, sen por iso, consoante tamén dicíamos máis arriba, achegar todo o tipo de información editorial proveniente de edicións anteriores.

Enfín. Moito máis se podería comentar a respecto de *E por esto fez este cantar*. Pola nosa parte só nos resta, finalmente, dámoslle os parabéns ao autor por tan pormeno-

rizado estudo, traballo que mereceu o premio Carvalho Calero de Investigación Lingüística na edición correspondente ao ano 1999, convocado anualmente pola dinámica Asociación Cultural Medulio de Ferrol e polo Concello da cidade departamental. No entanto, tamén temos de felicitar, aliás, todas aquelas persoas interesadas, dun ou doutro modo, nas nosas lingua e literatura trobadorescas, pois co libro de Xoan Carlos Lagares, do cal estamos certos que se ha converter nun clásico na materia, os herdeiros naturais e adoptivos a que facíamos mención máis arriba dese legado cultural xa contan, contamos, cun indispensábel contributo que vén cobrir unha das lagoas existentes na investigación nun tipo moi concreto de textos medievais, que foran abretemados polo esplendor estético das cantigas galego-portuguesas.

*Xosé Manuel Sánchez Rei*

sanrei@udc.es

### **Referencias bibliográficas**

- Braga, T. (ed.) (1878): *Cancioneiro Portuguez da Vaticana*. Edição Crítica Restituída sobre o Texto Diplomático de Halle, Acompanhada de um Glossário e de uma Introdução sobre os Trovadores e Cancioneiros Portuguezes (Lisboa: Imprensa Nacional).
- Ferreira, J. de Azevedo (1992): “A transmissão do texto medieval”, en *Actas do Colóquio sobre o Livro Antigo. V Centenário do Livro Impresso em Portugal (1487-1987)*: 243-252 (Lisboa: Biblioteca Nacional).
- Paxeco, E. / Machado, J. P. (eds.) (1949-1964): *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Antigo Colocci-Brancuti)*. Facsímile e Transcrição. Leitura, Comentários e Glossário. 8 vols. (Lisboa: Edição da “Revista de Portugal”).